

---

# A EVOLUCIÓN DE CALPURNIA TATE

Texto de JACQUELINE KELLY

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Ilustracións de BETH WHITE

---

Encadernación rústica. 13,8 x 20,5 cm. 304 páx. 18 €.

ISBN 978-84-15250-45-6. Factoría K de Libros.

PREMIO NEWBERY HONOR 2010

BANK STREET-JOSETTE FRANK AWARD 2010

MELLOR LIBRO TRADUCIDO DE LIX 2013 (FERVENZAS LITERARIAS)


*–Callie Vee –díxome–, ténhoche unha cousa para ti. –Foi ata a súa mesa e sacou un caderniño forrado de coiro vermello que puña Recordo de Austin na tapa–. Mira –dixo–. Nunca o usei. Podes empregalo para anotares as túas observacións científicas. Ti vas para naturalista. E que era exactamente un naturalista? Eu non o tiña claro, pero decidín facer de naturalista o resto do verán. Se só consistía en ir anotando todo o que vía arredor de min, entón sabía facelo. Ademais, agora que tiña onde anotar todo, empecei a ver cousas nas cales non reparara antes. As primeiras anotacións que tomei foron sobre os cans. Por culpa da calor, quedaban deitados na terra coma se estivesen mortos...*

“A evolución de Calpurnia Tate” conta a historia dunha nena de case 12 anos -a máis nova de sete irmáns- no seo dunha familia acomodada nunha pequena vila de Texas. Investigando nos libros da biblioteca e facendo ensaios nun pequeno laboratorio, achegarase á figura e aos descubrimentos revolucionarios de Charles Darwin.

Trátase dunha novela xuvenil, extensible ao interese dos lectores adultos, polo que se axusta ao concepto actual de *crossover*.

Transcorre no ano 1899, unha época na que as nenas eran educadas para ser señoritas de boas maneiras e desenvolverse unicamente no fogar: cociñar, coser e limpar a casa eran as principais obrigas das mulleres nunha sociedade na que, o máis ocioso que se lles reservaba era tocar o piano e comportarse con rigorosa corrección. A inconformista Calpurnia rebélase contra ese destino predeterminado para buscar a súa propia identidade e formarse segundo as súas inquedanzas intelectuais e científicas: ir ao río, observar a natureza e recoller mostras que logo analizará coa axuda do seu avó librepensador, o único familiar que apoia a súa curiosidade polo mundo e que lle obsequia un exemplar de “A orixe das especies” e un caderno para que aprenda a aplicar o método científico ás súas observacións.

A obra tamén aborda cuestións do ámbito familiar, en especial a relación da protagonista cos irmáns: o amor e o desengano, as trasnadas xuvenís e os pequenos conflitos da vida cotiá.



- 
- **Temática:** curiosidade científica, inconformismo.
  - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
  - **Aspectos destacables:** galardoada en 2010 co Premio Newbery Honor e co Bank Street-Josette Frank Award; cada capítulo comeza cunha cita de “A orixe das especies” de Darwin; familia, conflitos cotiás; evolución histórica do papel da muller na sociedade.
- 

## Jacqueline Kelly

(Nova Zelanda, 1964)

Pasou a súa nenez en Canadá, país ao que se mudou coa súa familia ao pouco de nacer. Os bosques de Vancouver Island foron o escenario dos seus xogos infantís; unha experiencia que marcaría o seu apego ao medio natural. Actualmente vive en Texas, entre a cidade de Austin e a campiña de Fentress. Estudou Medicina en Galveston e Dereito na Universidade de Texas, exercendo tanto de doutora como de avogada durante varios anos antes de adicarse á literatura. “A evolución de Calpurnia Tate” foi a súa primeira novela, publicada en 1999. A obra deseguida conseguiu o recoñecemento do público e da crítica: gañou o Premio Newbery Honor e o Bank Street-Josette Frank Award en 2010. [www.jacquelinekelly.com](http://www.jacquelinekelly.com)

---

[www.FAKTORÍA K DE LIBROS.com](http://www.FAKTORÍA K DE LIBROS.com)

[comunicacion@faktoriakdelibros.com](mailto:comunicacion@faktoriakdelibros.com)

---